



**RELACIÓN DE MÉRITOS. RESOLUCIÓN do 8 de outubro de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de profesores de Artes plásticas e deseño (595), especialidades de deseño gráfico (512), fotografía (515), historia da arte (516), medios audiovisuais (521) e medios informáticos (522).**

DATOS PERSOAIS:

Apelidos e nome: \_\_\_\_\_ DNI/NIE: \_\_\_\_\_

Enderezo: \_\_\_\_\_ Localidade \_\_\_\_\_

Provincia: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_ Enderezo de correo electrónico: \_\_\_\_\_

EXPOÑO:

Que alego, para o obxecto de que lle sexan valorados no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia no corpo de *profesores de artes plásticas e deseño, especialidade* ( *marcar cun X a especialidade*):

<input type="checkbox"/>	512- Deseño gráfico.
<input type="checkbox"/>	515- Fotografía
<input type="checkbox"/>	516- Historia da Arte
<input type="checkbox"/>	521- Medios Audiovisuais
<input type="checkbox"/>	522- Medios Inoformáticos

convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do *do 8 de outubro de 2019*, os méritos que relaciona a continuación e que xustifico documentalente:

**I. Experiencia docente previa (Máximo 7 puntos)**

**1.1. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do corpo a que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes das administracións educativas (0,700 puntos por ano)**

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Documento xustificativo: Folla de servizos certificada pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos ou, na súa falta, certificación do secretario ou secretaria do centro co visto e prace da dirección, na cal debe constar a data de toma de posesión e cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou copia deles en que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.

**1.2. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distintos corpos a que opta a persoa aspirante, en centros públicos dependentes de administracións educativas (0,350 puntos por ano)**

Anos Meses* Días	Puntos alegados	Documento xustificativo: Folla de servizos certificada pola subdirección xeral de Recursos Humanos ou no seu defecto, certificación do secretario/a do centro co visto e prace da dirección, na cal debe constar a data de toma de posesión e



		<b>cesamento na especialidade, así como os documentos xustificativos do nomeamento ou fotocopia deles en que conste a data de toma de posesión e do cesamento e a especialidade.</b>

**1.3. Por cada ano de experiencia docente en especialidades do mesmo nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo a que opta a persoa aspirante, noutros centros (0,150 puntos por ano)**

<b>Anos Meses* Días</b>	<b>Puntos alegados</b>	<b>Documento xustificativo: Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na cal conste a data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel educativo ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral.</b>

**1.4. Por cada ano de experiencia docente en especialidades de distinto nivel ou etapa educativa que o impartido no corpo a que opta a persoa aspirante, noutros centros (0,100 puntos por ano)**

<b>Anos Meses* Días</b>	<b>Puntos alegados</b>	<b>Documento xustificativo: Certificación da dirección do centro co visto e prace do Servizo de Inspección Técnica, na cal conste data de toma de posesión e cesamento, área ou materia impartida e nivel ou etapa educativa ou copia dos contratos de traballo xunto coa certificación da vida laboral..</b>

**Enténdese por centros públicos os centros a que se refire o capítulo II do título IV da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, integrados na rede pública de centros creados e sostidos polas administracións educativas. Para os efectos desta epígrafe terase en conta un máximo de dez anos, cada un dos cales deberá ser avaliado nunha soa das subepígrafes anteriores.**

**\* Por cada mes súmanse as seguintes puntuacións: na epígrafe 1.1, 0,059 puntos; na epígrafe 1.2, 0,030 puntos; na epígrafe 1.3, 0,013 puntos; na epígrafe 1.4, 0,009 puntos.**

**IMPORTANTE: Non será necesario xustificar os méritos das subepígrafes 1,1 e 1,2 cando os servizos fosen prestados en centros públicos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.**

**II.- Formación académica (Máximo 5 puntos)**



2.1. Expediente académico no título alegado, sempre que o título alegado se corresponda co nivel de titulación exixido con carácter xeral para ingreso no corpo (doutoramento, licenciatura, enxeñaría ou arquitectura, para corpos docentes do subgrupo A1, ou diplomatura universitaria, enxeñaría técnica ou arquitectura técnica para corpos docentes do subgrupo A2); valorarase exclusivamente a nota media do expediente académico, do modo que a continuación se indica:

**Escala de 0 a 10 puntos:**

**Desde 6,00 ata 7,50: 1,000 punto**

**Desde 7,51 ata 10: 1,500 puntos**

**Escala en créditos, de 1 a 4:**

**Desde 1,50 a 2,25: 1,000 punto**

**Desde 2,26 a 4: 1,500 puntos**

Nota media	Puntos alegados	Documento xustificativo : Certificación académica persoal orixinal ou copia, na cal consten as puntuacións obtidas en todas as disciplinas e cursos exixidos para a obtención do título alegado, con indicación expresa da nota media..

2.2. Posgraos, doutoramentos e premios extraordinarios:

**2.2.1. Polo certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados ou título oficial de máster (Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro; BOE do 30 de outubro), suficiencia investigadora ou calquera outro título equivalente sempre que non sexan requisito para o ingreso na función pública docente: 1,000 punto.**

Puntos alegados	Documento xustificativo: Certificación académica ou copia do título ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

**2.2.2. Por posuír o título de doutoramento: 1,000 punto**

Puntos alegados	Documento xustificativo : Certificación académica ou copia do título de doutoramento ou, se é o caso, do pagamento dos dereitos de expedición, conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

**2.2.3. Por obter premio extraordinario no doutoramento:: 0,500 puntos**

Puntos alegados	Documento xustificativo : copia deste documento



2.3. Outras titulacións universitarias:

As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as alegadas como requisito para o ingreso na función pública docente, valoraranse da forma seguinte:

2.3.1. Titulacións de primeiro ciclo: Por cada diplomatura, enxeñaría técnica, arquitectura técnica ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: 1,000 punto.

**Documento xustificativo: Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica en que se acredite a súa superación. No caso de estudos correspondentes ao primeiro ciclo, certificación académica na que se acredite a súa superación.**

**No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A2, non se valorará por esta epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que presente a persoa aspirante. No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A1, non se valorará por esta epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fosen necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura que presente a persoa aspirante.**

Titulación		Puntos alegados

2.3.2. Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: 1,000 punto.

**Documento xustificativo: Certificación académica ou copia do título alegado para o ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto). No caso de estudos correspondentes ao segundo ciclo, certificación académica en que se acredite a súa superación.**

**No caso de persoas aspirantes a corpos de funcionarios docentes grupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciatura, enxeñaría ou arquitectura que presente a persoa aspirante.**

Valorarase nesta epígrafe posuír o título de grao.

Titulación		Puntos alegados



--	--	--

2.4. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional específica. A documentación xustificativa que deberá aportar será a Certificación académica ou copia do título alegado para ingreso no corpo, así como de cantos presente como mérito ou, se é o caso, certificación do pagamento dos dereitos de expedición conforme o Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).

**a) Por cada título profesional de música ou danza: 0,500 puntos**

Titulación	Puntos alegados

**b) Por cada certificado de nivel avanzado ou equivalente de escolas oficiais de idiomas: 0,500 puntos**

Titulación	Puntos alegados

**c) Por cada título de técnico superior de artes plásticas e deseño: 0,200 puntos**

Titulación	Puntos alegados

**d) Por cada título de técnico superior de formación profesional: 0,200 puntos**

Titulación	Puntos alegados

**e) Por cada título de técnico superior deportivo superior: 0,200 puntos**

Titulación	Puntos alegados

### III.- Outros méritos (Máximo 2 puntos)

#### 3.1. Dominio de linguas estranxeiras

##### 3.1.1. Nivel C2.



Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acredite un nivel de coñecemento de idiomas, expedido por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER): 1,20 puntos.

Certificado oficial	Puntos alegados

### 3.1.2. Nivel C1

Por cada certificado oficial de recoñecemento dunha lingua estranxeira, que acredite un nivel de coñecemento de idiomas, expedido por centros oficiais, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER): 1,00 puntos.

Certificado oficial	Puntos alegados

### 3.1.3. Nivel B2:

Por cada título estranxeiro do nivel equivalente ao nivel B2 (nivel avanzado), sempre que non se acredite o título equivalente da escola oficial de idiomas da epígrafe 2.4.b) no mesmo idioma: 0,500 puntos por cada título

Título	Puntos alegados

**Documentos xustificativos:** Os méritos do apartado 3.1 acreditarase coa presentación dunha copia do título correspondente co certificado de acreditación dunha lingua estranxeira clasificado polo Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER).

3.2. Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo polo que se presente, ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou os órganos correspondentes doutras comunidades autónomas ou o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por institución sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades. Puntuaranse con 0,1 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades e non se puntuará o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades estean expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.



